

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 2 de febreiro de 2010

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza
D. Eudosio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Xesús López Carreira

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Iolanda Veloso Ríos
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e cincuenta e catro minutos do día dous de febreiro do ano de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, E o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(85).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(86).- MODIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27.01.10 RELATIVO ÁS PROPOSTAS DE ACTUACIÓN CORRESPONDENTES ÓS INVESTIMENTOS XESTIONADOS POLA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO EN BASE Ó FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL EN MATERIA DE EDUCACIÓN E DUN CARRIL-BICI. EXPTE. 34/105.

Con data 2 de febreiro o concelleiro delegado de Xestión Municipal formula o seguinte informe proposta:

Con data 27 de outubro de 2009, o BOE publica Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o emprego e a Sostenibilidade Local, polo que se crean un Fondo Estatal de Inversión Local co obxectivo de contribuír a sostenibilidade económica, social e ambiental polo que se denomina Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

Posteriormente, con data 3 de novembro se publica no BOE a Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para tramitación dos recursos librados con cargo o Fondo Estatal para Emprego e a Sostenibilidade Local creado polo Real Decreto-Ley 13/2009, de 26 de outubro.

A Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial, recolle no apartado “terceiro, punto 3, apartado c)” que como parte dos requisitos das solicitudes, deberá aportarse entre outros documentos; “Acordo do Pleno ou da Xunta de Goberno do Concello, segundo proceda, na que se aprobe a realización da inversión proxectada”.

Con data 27 de xaneiro, a Xunta de Goberno Local aprobou a realización de tres investimentos proxectados nos ámbitos de Educación e dun carril-bici (expte 33/105) por un importe total de 693.400,01 € (seiscentos noventa e tres mil catrocentos euros con un céntimo). Sen embargo, por necesidades técnicas, faise preciso o axuste dos importes dos proxectos prantexados en materia de Educación, quedando segundo o cadro anexo nun importe total de 674.793,61 €.

Polos motivos expostos e atendendo as competencias da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, proponse a aprobación da seguinte proposta:

“Que se modifique o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xaneiro polo que se aprobaba a realización dos investimentos proxectados correspondentes a área de xestión municipal do Concello de Vigo, en materia de Educación e dun carril-bici, ascendendo finalmente a un importe total de 674,793,61 € (seiscentos setenta e catro mil setecentos noventa e tres euros con sesenta e un céntimos), que se corresponden as actuacións descritas no cadro adxunto, de acordo o Fondo Estatal para Emprego e a Sostenibilidade Local creado polo Real Decreto-Ley 13/2009, de 26 de outubro e pola Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial.

ÁREA	DENOMINACIÓN PRO- XECTO	INVESTIMENTO OBRA		REDACCIÓN PRO- XECTO		DIRECCIÓN OBRA		IMPORTE TOTAL (C/ IVE)
		Importe s/ IVE	Importe c/ IVE	Importe s/ IVE	Importe c/ IVE	Importe s/ IVE	Importe c/ IVE	
Edu- ca- ción	Proxecto de rehabilitación e ampliación de escola infantil. Rúa Casiano Martinez.	211.980,00 €	245.896,80 €	12.146,22 €	14.089,62 €	12.352,94 €	14.329,41 €	274.315,83 €
	Proxecto de rehabilitación e ampliación de escola infantil. Rúa Tomás Alonso.	211.980,00 €	245.896,80 €	12.146,22 €	14.089,62 €	12.352,94 €	14.329,41 €	274.315,83 €
Xardíns	Proxecto de adecuación de carril bici na Avda. Castelao.	106.522,43 €	123.566,02 €	895,15 €	1.038,37 €	1.342,72 €	1.557,56 €	126.161,95 €
						TOTAL XERAL:		674.793,61 €

Acordo

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o anterior informe-proposta.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e cincuenta e seis minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.